



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTECESO

Secretaría

Anuncio da aprobación inicial da desafectación provisional da escola unitaria de Tallo

ANUNCIO

O Pleno do Concello acordou na sesión do 20 de novembro de 2024:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica do inmovible denominado Escola unitaria de Tallo, coa referencia catastral 15069B502001310000EW, situado no lugar de Tallo, como ben demanial de servizo público, desafectándoo do servizo público para os efectos de quedar cualificado como ben patrimonial e proceder a regularizalo.

SEGUNDO. Solicitarlle á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a desafectación do servizo educativo da escola unitaria de Tallo, quedando o trámite de alteración da cualificación xurídica do ben a expensas de obter a pertinente autorización da Administración Educativa.

TERCEIRO. Someter o expediente a información pública durante un mes no taboleiro de anuncios do Concello de Ponteceso e no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para os efectos de que as persoas interesadas presenten alegacións ou reclamacións.

A aprobación entenderase definitiva de non haber reclamacións no prazo sinalado.

Ponteceso, 15 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel Mato Martínez

2024/8541